



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO

RESUMO DOS ACORDOS DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 1 DE ABRIL DO ANO 2022

1.- Aprobación das seguintes actas:

- Sesión ordinaria do día 4 de marzo de 2022

Posta a aprobación da acta do Pleno da sesión ordinaria do día 4 de marzo de 2022, apróbanse por asentimento unánime.

2.- Posta en coñecemento das resolucións ditadas dende a data de celebración do último Pleno e, en especial, dos seguintes:

- Núm. 1625, do 03/03/2022, sobre celebracións de matrimonios civís.
- Núm. 2098, do 14/03/2022, sobre delegacións da Alcaldía na concelleira Sonia Ogando Vázquez, para asistir aos actos previstos para os días 16 de marzo e 5 de maio de 2022 e asinar en representación do Concello de Ourense nos actos correspondentes ao “levantamento das actas previas á ocupación e formalización das actas de ocupación, senda na OU-101, treito: Montealegre e na OU-150, treito: Valdorregueiro”.
- Núm. 2101, do 15/03/2022, sobre solicitude de baixa na dedicación exclusiva comunicada polo concelleiro don Javier Rey Rey, do Grupo Municipal Socialista.
- Núm. 2569, do 25/03/2022, sobre delegacións da Alcaldía na concelleira Sonia Ogando Vázquez, para asistir aos actos previstos para os días 28 3 29 de marzo e 18 e 19 de maio de 2022 e asinar en representación do Concello de Ourense nos actos correspondentes ao “levantamento das actas previas e fomulación das actas de ocupación, en relación coa obra: “Fomento da mobilidade sustentable, senda na OU-105, treito A Ponte Sevilla (punto quilométrico 0+000-0+850), na OU-536, treito Rabaza (punto quilométrico 0+790-2+320) e na avenida de Ponferrada (punto quilométrico 0+000-1+140). Clave: OU/16/271.06”.

O Concello Pleno deuse por informado dos decretos e resolucións da alcaldía ditados dende a data de celebración do último Pleno.

3.- Posta en coñecemento do acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de 2022, de ampliación das delegacións de carácter xeral da Xunta de Goberno a favor dos concelleiros-delegados de área en materia de exercicio de accións administrativas de reposición da legalidade, revogación e declaración de caducidade de autorizacións e licenzas e execución forzosa dos actos ditados no exercicio das atribucións delegadas. (Expediente nº 2022010263).

19.- Ampliación das delegacións de carácter xeral da Xunta de Goberno a favor dos concelleiros – delegados de área en materia de exercicio de accións administrativas de reposición da legalidade, revogación e declaración de caducidade de autorizacións e licenzas e execución forzosa dos actos ditados no exercicio das atribucións delegadas. (Expediente nº 2022010263).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1º) Modificar o apartado Primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xaneiro de 2022, de delegación de atribucións nos concelleiros delegados, quedando redactado do seguinte xeito:

PRIMEIRO.- Delegar con carácter xeral, sen prexuízo das delegacións específicas que se determinan no punto segundo, e unicamente no ámbito das materias propias da súa área ou delegación, na Alcaldía e nos concelleiros aos que se lles atribúen responsabilidades de goberno, as seguintes competencias da Xunta de Goberno local:

- a) O exercicio da potestade sancionadora en xeral e a adopción de medidas cautelares por incumprimento do disposto nas ordenanzas municipais, cando non estivese expresamente atribuída ao Alcalde por Lei, no ámbito das competencias que lles delegue a Xunta de Goberno Local en relación coa área ou servizo que lles atribúa, salvo os expedientes disciplinarios incoados ao persoal funcionario municipal por falta moi grave con proposta de separación do servizo que non resulta delegable.
- b) O exercicio de accións administrativas de reposición da legalidade en obras ou actividades suxeitas a control municipal, nos casos en que os actos de control municipal da legalidade (tales como licenzas ou autorizacións, ou a inspección de control de actividades suxeitas a declaración responsable ou comunicación previa) se atopan delegados nos concelleiros.
- c) A declaración de caducidade e a revogación das autorizacións e licenzas outorgadas polas concellerías – delegadas.
- d) En xeral, a execución forzosa dos actos administrativos ditados polos concelleiros – delegados no exercicio da delegación.
- e) En xeral os actos de impulsión e mero trámite dos expedientes cuxa resolución final sexa competencia da Xunta de Goberno e esta non as teña delegado, en relación coa área ou servizo que se lle atribúa.
- f) Contratación de carácter menor de acordo co establecido no orzamento municipal e as súas bases de execución (inclúe autorización e disposición dos gastos correspondentes). Asemade delégase, no seu caso, a designación do persoal municipal responsable do contrato.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

- g) A solicitude, tramitación e xustificación de subvencións.
- h) A resolución dos expedientes de concesión de subvencións, premios e bolsas, en relación coa área ou servizo que se lle atribúa. Quedan exceptuadas as subvencións para a rehabilitación de vivendas nos ARRU declarados no termo municipal de Ourense, respecto das cales, a competencia permanecerá na Xunta de Goberno Local.
- i) Aprobación de convenios nos termos e formalidades esixibles na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou aquela que a veña a substituír, agás aqueles que conteñan obrigas de carácter económico para o Concello.
- j) Aprobación do plan de seguridade e saúde no traballo, correspondente ás obras nas vías e terreos de uso público, edificacións afectas ao servizo público ou calquera outro ben de carácter patrimonial.
- k) A resolución dos recursos de reposición que se presenten contra os decretos que se diten no exercicio das competencias delegadas pola Xunta de Goberno local, conforme ó establecido no artigo 115.c) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º) Notificarlle persoalmente o presente acordo aos concelleiros - delegados. A delegación para ser eficaz requirirá a súa aceptación por parte do delegado. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo o concelleiro destinatario da delegación non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

3º) Deste acordo daráselle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da eede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende a data da súa adopción.

4º) Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou ben, recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de interpor calquera outro recurso que se estime procedente. Os prazos computaranse de data a data, a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP.

O Concello Pleno deuse por informado.

4.- Posta en coñecemento do informe de Tesouraría sobre o período medio de pago correspondente ao mes de febreiro de 2022.

INFORME DE TESOURERÍA

1.- NORMATIVA APLICABLE:

A lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 200/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de xuño de 2000.

Transcorridos 5 anos dende a vixencia da citada norma, fíxose necesario a súa adaptación ós cambios producidos no entorno económico e modificación para que sexa aplicable, tanto no ámbito da empresa privada, como no do sector público. Esta modificación levouse a cabo coa Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.

O artigo cuarto da citada norma establece:

“3.- Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.”

O Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira”.

Con este Real Decreto dáse cumprimento ó que establece a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tras a reforma operada pola Lei Orgánica de Control da Débeda no Sector Público, que introduce o concepto de período medio de pago (PMP), como expresión do volume da débeda comercial, e establece a obriga de que todas as Administracións Públicas o apliquen e fagan público.

O obxectivo principal é contribuír a erradicar a morosidade das Administracións Públicas e controlar a débeda comercial, evitando a acumulación de atrasos no pago de facturas ós provedores.

A citada norma ten sido modificada no que se refire á **metodoloxía do cálculo do PMP** polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro. Como expón a información emitida polo propio Ministerio de Facenda, trátase con esa modificación de reforzar o cumprimento da normativa europea en materia de loita contra a morosidade, quedando a nova metodoloxía alineada coa normativa nacional, que traspón as directivas comunitarias, iniciándose o



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

cómputo dos prazos, con carácter xeral, dende a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, en lugar do criterio que se aplicaba ata a data, no que o inicio do prazo de cómputo producíase dende os 30 días seguintes á entrada da factura no rexistro administrativo.

A nova **metodoloxía do cálculo do PMP** non permite que o dato resultante tome valor negativo si a Administración paga antes de trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra.

2.- INFORME:

Establece o Real Decreto 635/2014, modificado polo Real Decreto 1040/2017, unha metodoloxía económica común para o cálculo do período medio de pago a provedores, período medio que ven a medir o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos.

Así, calcularase un período medio de pago global a provedores que comprenderá o de todas as entidades incluídas no artigo 2 da LO 2/2012 e, o período medio de pago de cada entidade. Para o cálculo do período medio de pago o Real Decreto precisa as facturas que deberán ser tidas en conta e sinala, expresamente, aquelas que deberán ser excluídas. Estes cálculos, no caso das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do TRLRFL aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, será mensual.

A metodoloxía establecida para o cálculo do período medio de pago a provedores é a seguinte:

Artigo 4: “Cálculo do período medio de pago global a provedores”

$$\text{período medio de pago global a provedores} = \frac{\sum (\text{período medio de pago de cada entidade} * \text{importe operacións da entidade})}{\sum \text{importe operacións das entidades}}$$

“Se entenderá por importe de las operacións da entidade o importe total de pagos realizados e de pagos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes”

Artigo 5 (do RD 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo RD 1040/2017, de 22 de decembro): “Cálculo do período medio de pago de cada entidade”

1.- Aos efectos do cálculo do período medio de pago global ao que se refire o artigo anterior, o período medio de pago de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{período medio de pago} = \frac{\text{rateo operacións pagadas} * \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio operacións pendentes de pago} * \text{importe total pagos pendentes}}{\text{importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendentes}}$$

2.- Para os pagos realizados no mes, calcularase o cociente das operacións pagas de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{rateo das operacións pagadas} = \frac{\sum (\text{número de días de pago} * \text{importe da operación pagadas})}{\text{Importe total de pagos realizados}}$$

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos desde:

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.
- c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbase con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigaçión de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

No caso das facturas que se paguen con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico ou con cargo á retención de importes a satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagar directamente aos provedores, considerarase como data de pago material a data da proposta de pago definitiva formulada pola Comunidade Autónoma ou a Corporación Local, segundo corresponda.

3. Para as operacións pendentes de pago ao final do mes calcularase a cociente de operacións pendentes de pago de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{rateo de operacións pendentes de pago} = \frac{\sum (\text{número de días pendentes de pago} * \text{importe da operación pendente de pago})}{\text{Importe total de pagos pendentes}}$$

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos desde:

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigación de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.”

Lémbrese que o concello de Ourense ten establecido o procedemento de conformidade de facturas para todos os bens ou servizos prestados polo que lle son de aplicación os apartados a) e b) de cada un dos supostos de cálculo do rateo de operacións pagadas e pendentes de pago

Aplicando a metodoloxía establecida no citado Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os períodos medios de pago resultantes no mes de FEBREIRO de 2022 son:

	Concello	Consello Municipal de Deportes (*)
Rateo de operacións pagadas	31,26	13,36
Importe de operación pagadas	4.351.129,03 €	80.452,79 €
Rateo de operacións pendentes de pago	77,63	29,13
Importe de operacións pendentes de pago	5.365.514,70 €	179.168,56 €
PMP de cada entidade	56,87	24,24
Período medio de pago global a provedores	56,02	

(*) datos proporcionados polo administrador do CMD, xúntase documentación xustificativa

No cálculo dos períodos medios de pago, tal e como establece o artigo 3 do Real Decreto 635/2014, só se terán en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións de obra aprobadas dende a esa data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñen a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional, así mesmo, quedan excluídas as obrigas de pago que foron obxecto de retención dende esta Tesourería como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos

administrativos de compensación ou actos similares ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Tendo en conta que o período medio de pago global resultante no Concello para o mes de FEBREIRO de 2022 é de **56,02** días, estase a incumprir o prazo previsto na Lei 15/2010, de 5 de xul55,011o, de modificación da Lei 3/2004, de 29 e decembro, pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece no artigo 10: “Os *órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administracións Públicas efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto ás facturas pendentes de recoñecemento de obrigas, que serán dirixidos aos órganos competentes*”.

Tendo en conta o sinalado, achégase como ANEXO I ó presente informe, copia do requirimento efectuado no mes de FEBREIRO de 2022 dende esta Tesourería ós servizos municipais que teñen facturas sen tramitar no rexistro de facturas que tiveron entrada no rexistro xeral do Concello con antigüidade superior a 30 días, (sexa por non estar devoltas, correctamente conformadas ou por presentar algún tipo de defecto subsanable polo servizo esixido dende a Intervención), no que se solicita, á vista dos prazos establecidos pola normativa vixente para a aprobación das facturas, procedan a realizar as actuacións pertinentes que permitan a tramitación do recoñecemento das obrigas.(ANEXO I-1). Nº expediente Cividas 2022007913 que se recolle o importe total das operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de FEBREIRO de 2022 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Concello.(ANEXO II-1 e ANEXO II-2)

Como **ANEXO III**, achégase os informes de detalle e resume xerados polo programa de contabilidade no que se recollen as operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de FEBREIRO de 2022 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Consello Municipal de Deportes, enviados a esta Tesourería dende o Organismo Autónomo.

O Concello Pleno deuse por informado.

5.- Parte resolutiva.

5.1 Modificación da base nº 41 das Bases de Execución do Orzamento vixente: Dotacións económicas aos grupos municipais. Expte.: 2021033845. Aprobación provisional.

O secretario dá conta do ditame da Comisión de Pleno ordinario do 29 de outubro de 2021 que, por seis votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular, de Democracia Ourensana e de Ciudadanos ; un voto en contra de M^a Teresa Rodríguez Garrido, concelleira non adscrita; e catro abstencións dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG, ditamina favorablemente a proposta da Alcaldía, que se incorpora ao expediente.



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Sométese a votación o ditame co seguinte resultado: once votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; once votos en contra do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Manuel Álvarez Fernández, concelleiros non adscritos.

Ao producirse empate, de conformidade co disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico, repítese a votación co mesmo resultado, decidindo a Alcaldía co voto de calidade aprobando o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación da base nº 41 das Bases de Execución do Orzamento vixentes, pasando a ser a redación da base a seguinte:

“Base 41. - Dotacións económicas ós Grupos municipais”

Establécese como asignación mensual a cada un dos grupos políticos do Concello de Ourense, a cantidade de 700,00 euros por grupo municipal constituído, e de 700,00 euros por cada membro do grupo.

Para estes efectos, o número de membros de cada grupo estará determinado polo número de concelleiros electos na candidatura da formación política a través da que foron elixidos. Este número de membros manterase invariable durante toda a duración do mandato, con independencia de que un ou varios concelleiros abandonen o grupo ou non cheguen a integrarse no mesmo.

O importe da dotación económica recoñecida a favor dos grupos municipais non poderá destinarse ó pagamento de remuneracións de persoal ó servizo da corporación, nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. A estes efectos, non terán a consideración de bens de inversión, os sinalados no artigo 108.2 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido.

A dotación económica ós grupos municipais aboarase ó comezo de cada trimestre natural.

Os grupos municipais deberán levar unha contabilidade específica da dotación monetaria a que se refiren os apartados anteriores, comprensiva dun rexistro de caixa, de entradas e saídas, conformado polo Voceiro do grupo municipal, que porán a disposición do Pleno a petición da Xunta de Voceiros.

A fiscalización destas dotacións económicas por parte da Intervención municipal, realizarase anualmente con referencia a 31 de decembro, debéndose presentar, no primeiro trimestre do exercicio seguinte a que correspondan, xunto a un estado resumo da contabilidade levada polo grupo e unha declaración responsable, expedida polo voceiro do grupo, na que se poña de manifesto que a totalidade dos fondos percibidos foron aplicados ós supostos e ós casos previstos na lei.

No último ano de mandato corporativo e con carácter previo á súa finalización, os grupos municipais deberán liquidar as dotacións recibidas con destino o seu funcionamento, de xeito tal que no caso de existiren excesos de financiamento deberán reintegrar o exceso percibido na Tesourería municipal.”

Segundo.- Esta modificación terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2021.

Terceiro.- Que este expediente de modificación da base nº 41 das Bases de Execución do Orzamento vixentes: Dotacións económicas ós Grupos municipais, que se aproba provisionalmente, sexa exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles, logo do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 02/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Cuarto.- Este expediente de modificación da base nº 41 das Bases de Execución do Orzamento vixentes: Dotacións económicas ós grupos municipais considerarase definitivamente aprobado, de conformidade co artigo citado no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.2 Aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (Expediente número 2022002362).

O secretario dá conta do ditame da Comisión de Pleno ordinario do 25 de marzo de 2022 que, por seis votos a favor Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Ciudadanos; e catro abstención do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e dona M^a Teresa Rodríguez Garrido, concelleira non adscrita, ditamina favorablemente a proposta da concelleira delegada de Facenda, que se incorpora ao expediente.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos concelleiros asistentes, adoptou a seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- En cumprimento do disposto nos artigos 15.1 e 2, 16 e 17.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, acórdase, con carácter provisional, aprobar as seguintes modificacións na Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana:

1. Modificación do número 2 do seu artigo 2, engadindo dous apartados, letra k) e l), sendo a súa redacción a seguinte:

2. Non están suxeitos a este imposto e, polo tanto, non devindican o mesmo:



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

- a. Os incrementos de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do imposto sobre bens inmobles.
- b. As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns.
- c. As transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.
- d. As transmisións de terreos de natureza urbana derivadas de operacións ás que resulte aplicable o réxime especial regulado no capítulo VIII do título VII do Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, relativo ao réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos e troco de valores, a excepción das relativas a terreos que se acheguen ao amparo do previsto no artigo 94 da devandita Lei cando non se achen integrados nunha rama de actividade.
- e. As transmisións de terreos de natureza urbana que se realicen como consecuencia das operacións relativas aos procesos de adscrición a unha sociedade anónima deportiva de nova creación, sempre que se axusten ás normas previstas na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte e Real decreto 1251/1999, do 16 de xullo, sobre sociedades anónimas deportivas.
- f. A adxudicación de inmobles como consecuencia da disolución de comunidades de bens, sempre que non exceda da porcentaxe atribuíble á antiga participación.
- g. As transmisións de terreos que se realicen como consecuencia da constitución das Xuntas de compensación por achega dos propietarios da unidade de execución, ou en virtude de expropiación forzosa, e as adxudicacións de solares que se efectúen a favor dos propietarios membros das devanditas xuntas e en proporción aos terreos incorporados por aqueles. Cando o valor dos solares adxudicados exceda do que proporcionalmente corresponda aos terreos achegados, xiraranse as liquidacións correspondentes en canto ao exceso.
- h. As adxudicacións de terreos a que dea lugar a reparcelación cando se efectúen en favor dos propietarios comprendidos na correspondente unidade de execución, e en proporción dos seus respectivos dereitos. Cando o valor dos solares adxudicados exceda do que proporcionalmente corresponda aos terreos achegados, xiraranse as liquidacións correspondentes en canto ao exceso.
- i. A adxudicación de pisos ou locais verificados polas cooperativas de vivendas a favor dos seus socios cooperativistas.
- j. A extinción do dereito real de usufruto, xa sexa por falecemento do usufrutuario ou por transcurso do prazo para o que foi constituído.
- k. As achegas ou transmisións de bens inmobles en que interveñan a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. ou as entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, na forma e condicións previstos no artigo 104.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

1. As transmisións de terreos respecto dos cales se constata a inexistencia de incremento de valor por diferenzas entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.
2. Modificación do número 1 do seu artigo 3, engadindo un apartado, letra c), sendo a súa redacción a seguinte:

1. Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia dos seguintes actos:

- a. A constitución e transmisión de dereitos de servidume.
- b. As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico-artístico, ou fosen declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, que estean incluídos no inventario de bens do patrimonio cultural do termo municipal Ourense, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron o seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos devanditos inmobles a partir da entrada en vigor da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social o presuposto de execución do cal sexa superior ao resultado de aplicar sobre o valor catastral do inmovible, correspondente ao ano de conclusión das obras, as seguintes porcentaxes, segundo os distintos niveis de protección determinados por os correspondentes instrumentos de plan:

Niveis de protección	Porcentaxe sobre o valor catastral
Nivel 0 Bens declarados individualmente de interese cultural	5 %
Nivel I Bens catalogados. Protección integral	10 %
Nivel II Bens catalogados. Protección estrutural	25 %
Nivel III Bens simplemente inventariados. Conservación de fachadas	50 %
Nivel IV Bens simplemente inventariados. Adecuación ambiental	100 %

A execución das obras deberá acreditarse presentando, xunto co presuposto de execución e a xustificación do seu desembolso, a seguinte documentación:

1. A licenza urbanística de obras ou orde de execución.
 2. Os xustificantes de pagamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras e da taxa por licenza urbanística.
 3. O certificado final de obra.
- c. As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Con todo, se con posterioridade comprobábase o contrario, procederáase a virar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela en a que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se devandito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada.

3. Modificación do artigo 6, sendo a nova redacción a seguinte:

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do pagamento e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 5 do artigo 104 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, multiplicando o valor do terreo no momento do pagamento, determinado conforme ao previsto na Sección Segunda deste Capítulo, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración do incremento de valor.

2. Os coeficientes para aplicar sobre o valor do terreo no momento do pagamento serán os máximos legalmente establecidos para cada período de xeración do incremento de valor.

3. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 104.5 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, constátese que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores deste artigo, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

4. Modificación do artigo 8, sendo a nova redacción a seguinte:

Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo ou do dereito a realizar a construción baixo chan sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, aplicarase sobre o valor definido no artigo 7, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, a porcentaxe que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

5. Modificación do apartado 3 do artigo 10, sendo a nova redacción a seguinte:

3. Cando o incremento de valor se manifeste por causa de morte, respecto da transmisión da propiedade da vivenda habitual do causante ou constitución ou transmisión dun dereito real de gozo limitativo do dominio sobre o referido ben, a favor dos descendentes e adoptados, do cónxuxe ou persoa con quen convivira o causante con análoga relación de afectividade e así conste nun rexistro público, e dos ascendentes ou adoptantes, establécese unha bonificación do 60 por 100 sobre a cota íntegra do imposto sempre que se dean as seguintes circunstancias:

- a. Que a adquisición se manteña durante os catro anos seguintes á data de falecemento do causante, salvo que falecese o adquirente dentro dese prazo. No caso de non se cumprir este requisito de permanencia na adquisición, o suxeito pasivo deberá satisfacer a parte do imposto que deixase de ingresar como consecuencia da bonificación practicada e os xuros de mora, no prazo dun mes a partir da data da transmisión do inmovible, presentando ao devandito efecto a oportuna autoliquidación.
- b. Que se presentase no prazo legalmente establecido, incluída a prórroga que eventualmente se solicitase e concedido, a declaración do imposto.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figurase empadroado o causante de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se devandito prazo fose inferior aos dous anos.

6. Modificación do apartado 3 do artigo 12, sendo a nova redacción a seguinte:

3. O Concello, sen prexuízo das facultades de comprobación dos valores declarados pola persoa interesada ou polo suxeito pasivo para os efectos do disposto nos artigos 2.2.1) e 6.3, respectivamente, poderá comprobar que as autoliquidacións se efectuaron mediante a aplicación correcta das normas reguladoras do imposto, sen que poidan atribuírse valores, bases ou cotas diferentes das resultantes de tales normas.

7. Adición dun apartado 5 no artigo 12, sendo a súa redacción a seguinte:

5. Cando o suxeito pasivo considere que a transmisión ou, no seu lugar, a constitución de dereitos reais de goce verificada debe declararse exenta, prescrita ou non suxeita, presentará ante a administración tributaria municipal a documentación pertinente en que fundamente a súa pretensión. Se a administración considera improcedente o alegado, practicará liquidación que notificará ao suxeito pasivo.

A persoa interesada en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición.

Segundo.- De conformidade co previsto no artigo 17.1 do citado Real decreto legislativo 2/2004, o presente acordo provisional, así como o texto da modificación da Ordenanza fiscal, expoñerá ao público no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste Concello durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar cantas reclamacións consideren oportunas.

Terceiro.- A devandita exposición ao público anunciarase no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* e nun dos diarios de maior difusión desta e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a última publicación.

Cuarto.- En caso de non se presentar reclamacións durante o período de exposición pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do mesmo texto legal

Quinto.- O acordo definitivo de modificación da Ordenanza fiscal e o texto íntegro da modificación haberá de publicarse no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, producindo efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

5.3 Moción de dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleira non adscrita, relativa a que o grupo de goberno do Concello de Ourense emita informe sobre o cronograma a lei de cambio climático e as accións municipais relacionadas con dita normativa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La ley 7/2021, de 20 de mayo, de cambio climático y transición energética, incluye en su artículo 14.3 el establecimiento de zonas de bajas emisiones antes de 2023 en los municipios de más de 50.000 habitantes, **que es el caso de Ourense.**

El mismo artículo 14.3 define estas zonas como "*el ámbito delimitado por una Administración pública, en ejercicio de sus competencias, dentro de su territorio, de carácter continuo, y en el que se aplican restricciones de acceso, circulación y estacionamiento de vehículos para mejorar la calidad del aire y mitigar las emisiones de gases de efecto invernadero, conforme a la clasificación de los vehículos por su nivel de emisiones de acuerdo con lo establecido en el Reglamento General de Vehículos vigente*".

Por tanto, queda claro que, **en algún momento de 2022, antes de 2023**, el gobierno municipal, si quiere dar cumplimiento a la Ley, deberá proponer el establecimiento de una o varias zonas de bajas emisiones, explicando o proponiendo su delimitación, sus puntos de acceso y que criterios o restricciones de acceso, circulación y estacionamiento aplica en ellas.

Por ello, creemos que para dar **información rigurosa al ciudadano** el cronograma que solicitamos debe responder a las siguientes preguntas:

¿Qué zonas de bajas emisiones se delimitarán en Ourense antes de 2023? ¿Qué restricciones de acceso, circulación y estacionamiento se aplicará en ellas? ¿Qué medios técnicos y humanos se utilizarán para su control? ¿Qué sanciones habrá por su incumplimiento?

Los objetivos, de La Ley 7/2021 de 20 de mayo, de cambio climático y transición energética pasan por **mejorar la calidad de aire y la salud de la ciudadanía**, reduciendo el ruido y las emisiones, también por contribuir a **mitigar los efectos del cambio climático**, generar modelos de transporte más sostenible y conseguir una mejor eficiencia energética.

La Ley 7/2021, exige a las ciudades de más de 50.000 habitantes tener implantadas zonas de bajas emisiones (ZBE) en el centro de las ciudades **antes del 1 de enero de 2023**, lo cual da de plazo apenas **ocho meses** al Concello de Ourense para que clarifique qué medidas va a tomar en este sentido para cumplir la normativa, y

que pondría en peligro la circulación por el centro de la ciudad a más del 40% de los automóviles ourensanos.

Según los datos, actualizados a enero de 2022, del portal estadístico de la Dirección General de Tráfico (DGT), el 43% de los turismos matriculados en la provincia de Ourense no podrían acceder a partir del año que viene a esta futura área de bajas emisiones.

La antigüedad del parque de vehículos ourensano roza los 17 años de media, siendo la provincia con los turismos más envejecidos de España, y superando con creces la cifra española, que se sitúa en 12,4 años, lo cual hace que la afección sea muy superior a la del resto de ciudades gallegas.

Teniendo en cuenta que los vehículos de gasolina anteriores a 2000 y los diésel de antes de 2006 no tienen acceso al distintivo ambiental de la Dirección General de Tráfico (DGT), la ZBE que la ciudad debe implementar de forma obligatoria (y que obliga a usar las etiquetas ambientales como filtro) excluiría automáticamente **a más de 4 de cada 10 turismos ourensanos**.

De los 192.166 turismos matriculados en la provincia, 83.235 no cumplen los requisitos para optar al distintivo mínimo.

De los 72.097 turismos de gasolina, el 45% (32.298) es demasiado antiguo, mientras que, de los 119.623 diésel, un total de 50.937 (42,6%) también pecan de excesiva antigüedad. El resto podría circular, tanto gasolina y diésel más nuevos, como aquellos que tienen etiquetas de 0 emisiones, Eco y C, que se corresponden con coches cien por cien eléctricos, híbridos o propulsados total o parcialmente por gas, siempre que el Concello no decidiese endurecer las condiciones.

Actualmente, solo hay 182 coches eléctricos matriculados en la provincia y 244 propulsados por gas.

La ley habilita a los ayuntamientos incluso a que el acceso a la ZBE pueda incorporar el pago de una tasa o peaje para desincentivar la entrada. Sin embargo, el Concello de Ourense sigue sin decir nada, ni elaborar un plan al respecto, **pese a que debe presentar el proyecto a lo largo de 2022**, y, ante la falta de plan, podría optar, en un intento desesperado por cumplir los plazos, por declarar la Zona de Bajas Emisiones en el Casco Vello, donde ya prácticamente **todas las calles tienen acceso restringido**, algo que no es suficiente.

Según el Gobierno, esta ZBE es un *"ámbito de carácter continuo, y en el que se aplican restricciones de acceso, circulación y estacionamiento de vehículos para mejorar la calidad del aire y mitigar las emisiones de gases de efecto invernadero, conforme a la clasificación de los vehículos por su nivel de emisiones de acuerdo con lo establecido en el Reglamento General de Vehículos"*. Justificar la implantación de esta zona en el Casco Vello no sirve.



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Aunque el Concello de Ourense optase por asimilar el Casco Vello a la Zona de Bajas Emisiones que exige la ley en vigor, está obligado a diseñar un proyecto en el que debe definir el área objetivo y se toparía con diferentes obstáculos.

Debería contar con estaciones de medición de calidad del aire; evaluación de la contaminación de años anteriores (hay datos en el Plan de Movilidad Urbana Sostenible de 2019 que **el alcalde, Gonzalo Pérez Jácome, se niega a seguir**); estimación de la mejora de la calidad del aire que se espera conseguir; soluciones tecnológicas para conseguir implantar esta área...

Pero el mayor contratiempo lo indica la guía del Gobierno para implantar la ZBE, que pone en duda que pueda limitarse al Casco Vello su implantación, al señalar que *"el tamaño de esta zona de bajas emisiones debe ser significativo y suficiente para el cumplimiento de sus objetivos, una zona que incluya una parte significativa de la población, de la superficie del municipio o del tráfico de vehículos a motor"*. Un criterio que **no cumple la zona histórica**, donde la reducción del tráfico rodado está ya vigente desde principios de siglo.

El resto de las ciudades gallegas empieza a dar los primeros pasos e incluso a aprobar los planes para implantar la Zona de Bajas Emisiones, algo que en Ourense no hay ni atisbos ya **que es competencia directa del alcalde**, Gonzalo Pérez Jácome, quien está entretenido jugando a ser proyectista / diletante del presunto nuevo modelo de autobuses urbanos, busitos, metrobuses, o demandataxis.

En cambio, el Concello de **Vigo** aprobó a finales de enero el inicio de los trámites administrativos para poner en marcha una nueva ordenanza que regule las zonas de bajas emisiones.

La Junta de Gobierno Local del Concello de Vigo validó la **apertura de una consulta pública**, previa a la elaboración de la ordenanza que regule estos espacios. Su alcalde avanzó que podría haber **varios en Vigo y que el objetivo es mejorar la calidad del aire** reduciendo los ruidos y las emisiones de gases de efecto invernadero. Su Junta de Gobierno Local ha dado luz verde a la propuesta, y ha supuesto la apertura de un período de veinte días hábiles para que la **ciudadanía, las organizaciones y las asociaciones** que lo deseen puedan hacer llegar al Concello sus **opiniones al respecto, antes de que se inicie la redacción** de la ordenanza. La consulta pública estará habilitada en la web del Ayuntamiento de Vigo, web que es accesible, transparente y que sobre todo **sirve para comunicar a los vigueses temas tan importantes para su futuro inmediato.**

Lugo no se queda atrás, acaba de conseguir 374.00 euros de Next Generation precisamente para su puesta en marcha.

Pontevedra prepara su tercera transición después del proceso de peatonalización y de la implantación de la zona 10 y pondrá límite al "tráfico de paso", aquel que atraviesa la ciudad, con una zona de tráfico restringido en toda la ciudad.

En **Santiago**, el alcalde confirmaba a finales de enero que toda la zona histórica será "zona 0 emisiones", mientras que **A Coruña** ha obtenido casi 5 millones de Fondos de Recuperación para su puesta en marcha en todo el centro.

También en **Ferrol**, están analizando si el Casco Vello cumpliría los requisitos.

ACUERDO

Instar al Grupo de Gobierno del Concello de Ourense y más en concreto:

al concejal delegado de Medio Ambiente, control, calidad ambiental y sostenibilidad y también al alcalde que a su vez es responsable de Movilidad y Transporte

a que **EMITA INFORME a la mayor brevedad posible, sobre el CRONOGRAMA de la Ley de cambio climático y las ACCIONES MUNICIPALES relacionadas con dicha normativa:**

- ZONAS DE BAJAS EMISIONES RECOGIDAS EN LA LEY 7/2021 DE CAMBIO CLIMÁTICO Y TRANSICIÓN ENERGÉTICA.
- ¿CUÁNDO COMIENZAN?
- ¿DÓNDE SERÁN?
- ¿A QUE SE OBLIGA?
- ¿QUIEN LAS CONTROLA?
- ¿QUE SANCIONES SE APLICAN?

Y sobre todo las POSIBLES MEDIDAS a efectuar por el EQUIPO DE GOBIERNO PARA MINIMIZAR EL IMPACTO DE LA LEY DE CAMBIO CLIMÁTICO, en base a todo lo expuesto en esta moción.

Emenda presentada polo Grupo Municipal PSdeG-PSOE.

EMENDA DE ENGÁDEGA:

PUNTOS DA PROPOSTA

1. Instar al Grupo de Gobierno del Concello de Ourense y más en concreto: al concejal delegado de Medio Ambiente, control, calidad ambiental y sostenibilidad y también al alcalde que a su vez es responsable de Movilidad y Transporte a que EMITA INFORME a la mayor brevedad posible, sobre el CRONOGRAMA de la Ley de cambio climático y las ACCIONES MUNICIPALES relacionadas con dicha normativa:



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

- ZONAS DE BAJAS EMISIONES RECOGIDAS EN LA LEY 7/2021 DE CAMBIO CLIMÁTICO Y TRANSICIÓN ENERGÉTICA.
- ¿CUÁNDO COMIENZAN?
- ¿DÓNDE SERÁN?
- ¿A QUE SE OBLIGA?
- ¿QUIEN LAS CONTROLA?
- ¿QUE SANCIONES SE APLICAN?

Y sobre todo las POSIBLES MEDIDAS a efectuar por el EQUIPO DE GOBIERNO PARA MINIMIZAR EL IMPACTO DE LA LEY DE CAMBIO CLIMÁTICO, en base a todo lo expuesto en esta moción.

TEXTO DE ENGÁDEGA

2. Instar a goberno local a levar a cabo todas as medidas necesarias que a Lei de Cambio Climático esixe ás cidades de máis de 50.000 habitantes antes do 31 de decembro de 2022.
3. Instar ao goberno local a que delimite as zonas en funcións das emisións para unha correcta circulación de vehículos seguindo a normativa da Lei de Cambio Climático.

SENDO OS SEGUENTES PUNTOS DE ACORDO DEFINITIVOS:

1. Instar al Grupo de Gobierno del Concello de Ourense y más en concreto: al concejal delegado de Medio Ambiente, control, calidad ambiental y sostenibilidad y también al alcalde que a su vez es responsable de Movilidad y Transporte a que EMITA INFORME a la mayor brevedad posible, sobre el CRONOGRAMA de la Ley de cambio climático y las ACCIONES MUNICIPALES relacionadas con dicha normativa:
 - ZONAS DE BAJAS EMISIONES RECOGIDAS EN LA LEY 7/2021 DE CAMBIO CLIMÁTICO Y TRANSICIÓN ENERGÉTICA.
 - ¿CUÁNDO COMIENZAN?
 - ¿DÓNDE SERÁN?
 - ¿A QUE SE OBLIGA?
 - ¿QUIEN LAS CONTROLA?
 - ¿QUE SANCIONES SE APLICAN?

Y sobre todo las POSIBLES MEDIDAS a efectuar por el EQUIPO DE GOBIERNO PARA MINIMIZAR EL IMPACTO DE LA LEY DE CAMBIO CLIMÁTICO, en base a todo lo expuesto en esta moción.

2. Instar a goberno local a levar a cabo todas as medidas necesarias que a Lei de Cambio Climático esixe ás cidades de máis de 50.000 habitantes antes do 31 de decembro de 2022.
3. Instar ao goberno local a que delimite as zonas en funcións das emisións para unha correcta circulación de vehículos seguindo a normativa da Lei de Cambio Climático.

O Pleno do Concello por once votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja, de don Manuel Álvarez Fernández e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e once abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourense e do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

En consecuencia, apróbase a moción coa redacción dada pola emenda do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.

5.4 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para instar á Xunta de Galicia a manter o seu compromiso para a execución urxente e definitiva do proxecto ecobarrio en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O **19 de marzo de 2018** presentouse publicamente o proxecto Ecobarrio no Salón de Plenos do Concello de Ourense. Nesa rolda de prensa estiveron Feijóo, Jesús Vázquez, Baltar e toda a plana maior do PP, incluído o comisario de Acción polo Clima e Enerxía da Comisión Europea naquel momento, Miguel Arias Cañete.

Algúns dos titulares daquela presentación foron:

“O proxecto Ecobarrio de A Ponte suporá un avance sen precedentes na historia de Ourense”

“Con este proxecto Ourense transformarse nunca cidade pioneira na loita contra o cambio climático, na redución do consumo enerxético e no aproveitamento dos recursos naturais enerxéticos”.

“Hoxe é un día que marcará un antes e un despois na historia de Ourense”.



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL

A inversión estimada no proxecto sería de 20 millóns de euros, cunha creación de aproximadamente 300 postos de traballo.

A data límite para a súa creación anunciaban que sería o ano 2020, cando xa estaría implantada a oficina do Ecobarrio, que informaría a comunidades de veciños, asociacións e particulares sobre as axudas e actuacións en materia de eficiencia enerxética a levar a cabo.

Un dos principais obxectivos do proxecto era establecer na zona da Ponte a primeira rede de xeotermia de Europa, aproveitando esta fonte de enerxía para abastecer de calefacción e auga quente a medio centenar de edificios da contorna.

Estaba concibido coma un proxecto integral de referencia a nivel internacional, á altura de cidades de Reino Unido, Dinamarca ou Finlandia, relacionado coa eficiencia enerxética, a sostibilidade ambiental e a descarbonización neste caso do barrio máis populoso da nosa cidade (27.000 habitantes, aproximadamente 10.000 vivendas)

O **7 de xuño de 2018** faise pública por parte da Xunta de Galicia a **aprobación do protocolo de colaboración entre as administracións (Xunta e Concello) e o ADIF para a execución do proxecto Ecobarrio**, que basicamente consistía en que a Xunta se encargaría de xestionar os fondos, as contratacións e os convenios e o Concello as licenzas, os datos e os recursos humanos e materiais. Finalmente, ADIF sería o encargado de executar as obras e tramitacións necesarias.

O Presidente da Xunta anunciaba de novo que a través do proxecto 31 edificios públicos e 18 particulares terían calefacción e auga a través do aproveitamento de enerxía xeotérmica no barrio da Ponte e que se incorporarían iniciativas coma tecnoloxía LED, alumeadado arquitectónico na Chavasqueira, sistema de control e xestión intelixente Smart City e novamente a posta en marcha da oficina do Ecobarrio.

Nos **orxamentos da Xunta de Galicia** para 2019 estaban consignados 2,4 millóns de euros para o proxecto Ecobarrio, en 2020 foron 741.000 euros, en 2021 foron 550.000 €, e finalmente nos do ano 2022 só 175.500 €. Foron reducidos paulatinamente ano a ano, e sen previsións nestes últimos para os posteriores exercicios.

O **14 de maio de 2019** a Xunta de Galicia **adxudica a través do INEGA, por un importe de 467.907,00 € e un procedemento negociado sen publicidade, á Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética - ENERGYLAB a implantación e atención dunha oficina de información do proxecto Ecobarrio en Ourense.**

O **7 de marzo de 2019** coñecemos a primeira inversión do proxecto Ecobarrio, cun orzamento inicial de 93.980 €, para a instalación de iluminación exterior e singular no entorno das termas da Chavasqueira. A obra adxudicouse á empresa Aopil por un importe de 54.349€.

O **29 de xullo de 2019** a Xunta de Galicia licita unha actuación piloto por importe de 230.726 €, destinada a mellorar a seguridade de varios pasos de peóns no barrio da Ponte

(rúas Río Camba, Río Navea, Alejandro Pedrosa, Alfredo Brañas, Vicente Risco, Basilio Álvarez, Avenida de Santiago). Finalmente as obras son adxudicadas á empresa Nexia Infraestruturas por un importe de 173.600 €.

O **26 de setembro de 2019**, a Xunta de Galicia anunciaba que a seguinte actuación sería a posta en marcha da oficina do Ecobarrio antes do remate do ano, que estaba adxudicada no mes de maio, e que xa debería haber entrado en funcionamento fai máis de dous.

O **19 de novembro de 2020**, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia rexistraba diversas iniciativas a nivel autonómico co fin de urxir a execución definitiva do proxecto Ecobarrio en Ourense, solicitando consignación económica suficiente nos orzamentos da Xunta de Galicia de 2021 e posteriores, e tamén que se procedera á apertura ao público da oficina de información do Ecobarrio adxudicada en maio de 2019. A resposta foi que mantiñan o seu compromiso dende a Xunta para a execución completa do proxecto, alegaron que as demoras foron motivadas pola situación da COVID e a excesiva burocracia neste tipo de proxectos.

O **27 de abril de 2021**, a preguntas dos representantes do Grupo Municipal Socialista na Xunta de Área de Urbanismo, confirmábase por parte de técnicos municipais que se creou **un grupo de traballo técnico entre representantes do Concello de Ourense e a Xunta de Galicia para a xestión do proxecto Ecobarrio**, e avánzase por parte do actual goberno municipal que se reúnen mensualmente, que o prego está avanzado e que se sacará a concurso o antes posible, atopándose segundo informan en proceso de recollida de propostas sobre as accións necesarias a levar adiante de cara á cidadanía. Dende aquelas, fai xa case un ano, nada máis se soubo publicamente, nin se proporcionou ningún tipo de información á oposición dende o equipo de goberno.

Dos 20 millóns de € anunciados pola Xunta de Galicia só un 5% foron executados en case 4 anos, que saibamos executáronse só 695.856 €, polo que o grado de execución do proxecto Ecobarrio é mínimo por parte da Xunta de Galicia.

A Oficina do Ecobarrio leva pechada sen explicacións de ningún tipo máis de dous anos dende o remate das obras de acondicionamento do local e só estaba previsto inicialmente que estivera aberta ata o remate de 2021.

Descoñecemos o cronograma de actuacións que a Xunta de Galicia, a través do INEGA, pretende levar a cabo no que resta de ano e nos vindeiros vencelladas a este proxecto.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar á Xunta de Galicia a que se proceda á apertura inmediata e posta en marcha da Oficina do Ecobarrio no barrio da Ponte.
2. Instar á Xunta de Galicia a que manteña o compromiso co proxecto Ecobarrio na cidade de Ourense e que reactive todos os proxectos e investimentos pendentes de maneira urxente, comprometendo nos



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

próximos orzamentos autonómicos anuais a contía necesaria para a súa execución completa e definitiva, en coordinación e colaboración co Concello de Ourense.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos concelleiros presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

5.5 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE contra o peche da OMIC e pola potenciación deste servizo público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O intercambio de bens e servizos é unha das características definatorias da condición humana, e inclúe tanto o troco como o cambio monetario. No seo destas transaccións, acontecen dinámicas positivas ou de progreso, e tamén aspectos negativos coma os excesos consumistas e as fraudes.

As leis suntuarias exemplifican un dos mecanismos normativos empregados para limitar o alcance da desmesura no consumo, sendo definidas por Sempere como aquelas “...expedidas para conter os excesos na comida e demasías nos traxes, mobles, modas e demais ramos do luxo” (1788), erixíndose no seu referente máis remoto as emitidas en Atenas por Solon arredor do 594 a. de C., e quedando o imposto de luxo como o seu residuo contemporáneo.

Os intentos de control das fraudes no consumo tamén contan con referentes remotos, como Cicerón (106 – 43 a. de C.), quen se refire ao “fraus” ou “fraudis” como un dos mecanismos que están na base da inxustiza (o outro é a violencia). Respecto ao común do engano nas sociedades pretéritas, pode destacarse que a fraude aparece máis de 200 veces no Corpo de Dereito Civil (Corpus Iuris Civilis) de Justiniano I (482-565), que é a recompilación máis importante de dereito romano, incorporándose á lingua española dende o latín e o francés na idade media.

A revolución industrial e o posterior desenvolvemento da sociedade de consumo son factores esenciais na exacerbación do consumismo e das fraudes nos intercambios, xerándose respostas a estes problemas dende as administracións públicas. Incidindo na necesidade de actuar empoderando á cidadanía, é célebre a alocución de John F. Kennedy, quen se dirixiu ao Congreso norteamericano en 1962 coas seguintes verbas: “Todos somos consumidores, e sendo o grupo económico máis importante ignórasenos”.

En España, a cronoloxía de accións institucionais no eido do consumo comeza en 1965 coa creación do Gabinete de Orientación ao Consumo, que foi o precedente do Instituto Nacional del Consumo (creado en 1975), que logo se transformou na actual Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN, adscrita ao Ministerio de Consumo, e orixinaria de 2014).

En 1981, a intoxicación por consumo de aceite de colza desnaturalizado, que contiña unha substancia tóxica (a anilina) que matou a centos de persoas e deixou a máis de 15.000 afectadas, foi o detonante da necesidade de actuar con particular dilixencia fronte as fraudes no consumo, materializándose esta urxencia tanto na creación de normativa como na proliferación de Oficinas Municipais de Información ao Consumidor (en adiante OMIC) ao longo da xeografía estatal.

Dese xeito, actuábase en favor do artigo 51 da Constitución Española de 1978, que garante a defensa das persoas consumidoras e usuarias, e promove a información e educación destas a través dos poderes públicos.

As OMICs no marco legal español e galego

A primeira norma específica sobre consumo foi a Lei 26/1984, de 19 de xullo, Xeral para a Defensa do Consumidores e Usuarios, que establece no artigo 14 as funcións das OMIC, incluíndo, entre outras, as de atender, informar, educar, formar, defender e, en xeral, protexer á persoa consumidora. Ademais, encomenda ás autoridades e corporacións locais promover e desenvolver a protección á poboación no ámbito do consumo.

O artigo 30.4 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, outorga ao noso territorio competencia exclusiva en materia de “...defensa do consumidor e do usuario”, e consonte a iso, Galicia foi pioneira no desenvolvemento de normas sobre consumo.

Serva de exemplo a Lei do Estatuto Galego do Consumidor e Usuario (Lei 12/1984, de 28 de decembro), que foi das primeiras regulacións autonómicas nesta materia, establecendo que a información e a educación en materia de consumo é un dereito dos consumidores e usuarios (art. 3.c), encomendando aos poderes públicos a realización de campañas informativas sobre consumo, así como de accións educativas e formativas (art. 26), e promovendo, fomentando e, no seu caso, habilitando ou apoiando a creación de oficinas e servizos de información ó consumidor e usuario (art. 24).

A través da Lei 8/1994, do 30 de decembro, creouse o Instituto Galego de Consumo homólogo, daquela, do Instituto Nacional del Consumo, establecendo a norma galega, no seu artigo 3, que son fins este instituto atender “...de xeito especial ás oficinas municipais de información ó consumidor con aquelas outras entidades de semellante ámbito competencial, por supoñer o servizo máis próximo ó cidadán e coordinar as súas actuacións coas dos concellos” (g), e “Asesorar tecnicamente as oficinas de información ao consumidor e usuario da Administración local e colaborar con elas” (h).

Finalmente, a Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, establece no seu art. 71 que son competencias das corporacións locais en materia de consumo, entre outras, a información e asesoramento aos consumidores, a súa formación e educación (g).



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

En suma, as normas estatais e galegas sobre consumo subliñan a relevancia das OMICs respecto da defensa, asesoramento, educación, formación e protección da persoa consumidora.

Historia e papel da OMIC de Ourense

A OMIC de Ourense comeza a súa andaina en 1989, sete anos despois de que se creara a primeira OMIC en España (a de Albacete), e forma parte das 1.013 estatais, 86 das cales son galegas, segundo datos do Ministerio de Consumo (12 en Ourense e Lugo, 21 en Pontevedra e 41 en A Coruña).

Durante estes anos, as súas traballadoras e os seus traballadores cumpriron coas funcións de información, orientación, educación e formación de persoas consumidoras, tramitáronse reclamacións, desenvolvéronse, asemade, programas de prevención do consumismo e ata se desenvolveu unha experiencia pioneira de tratamento de persoas adictas á compra.

Xunto a elo, a OMIC da cidade colaborou co Instituto Galego de Consumo, así como con outras entidades autonómicas e estatais, derivando expedientes que non son competencia directa de consumo, pero que si gardan relación con este como os referentes a Turismo, á Secretaría de Telecomunicacións, ao Banco de España, á Dirección Xeral de Seguros, etc. Os asuntos tratados pola OMIC abranguen un amplo abano, que da cabida, entre outros, aos seguintes bens e servizos: comunidades de propietarios, vivenda, automóbiles, produtos de informática e telefonía, mobles, roupa, calzado, servizos de subministración (electricidade, auga, gas, teléfono...), vendas a distancia, banca, seguros, transportes, comercio tradicional e electrónico, viaxes, servizos a domicilio, academias, estética, etc.

E o seu labor plasmouse en:

-Atender 153.977 consultas dende a súa apertura.

-Desenvolver, entre 1992 e 2021:

- 1.500 actividades educativas e formativas para arredor de 70.000 alumnas e alumnos de tódalas etapas educativas (infantil, primaria, ESO, FP e universidade).
- 900 actividades educativas e formativas para arredor de 1.500 persoas pertencentes a asociacións veciñais e xuvenís, aulas da terceira idade, clube social da antiga Caixa Galicia, Cruz Vermella, Asociación de Consumo Montealegre, UCE Galicia, UCE Ourense, ADICAE, etc.
- 21 campañas informativas nos medios de comunicación, celebración anual do Día Mundial do/a Consumidor/a, 6 xornadas formativas e unha diversidade de cursos.

-Ademais do anterior, a OMIC de Ourense editou 4 guías sobre consumo, 2 edicións do Manual do Consumidor, 3 unidades didácticas e sobre educación consumerista e 3 artigos sobre adicción á compra.

Sobre a base do ata o de agora exposto, que está debidamente reflectido nas memorias de actividades da OMIC, queda acreditado o inmenso labor desenvolvido por esta, non só polo número de persoas e entidades atendidas, cumprindo, deste xeito, cunha das máximas implícitas na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Ourense: a consecución da eficacia e da eficiencia dos recursos públicos á hora de desenvolver as competencias municipais.

Pola contra, o Instituto Galego de Consumo (IGC) é moi restritivo nos seus ámbitos de actuación, carecendo de competencia, e polo tanto deixando sen atender, asuntos sobre turismo, hostalería, restauración, espectáculos, aerolíneas, transportes (de mercancías e viaxeiros/as), sanidade, apostas, publicidade enganosa, funerarias, estacións de servizo, etc.

Aínda que estas áreas non sexan competencia explícita da OMIC de Ourense, esta oficina aténdelas, realiza mediacións e, en definitiva, non deixa sen axudar a ninguén, prestando particular atención ás circunstancias especiais que requiren esforzos excepcionais, como foi o caso no seu momento dos afectados polas estafas bancarias (preferentes e subordinadas). Fronte a esta historia, o Concello de Ourense pretende pechar a OMIC despois de 33 anos de prestar os mencionados servizos á cidadanía da capital de provincia. Trátase dunha decisión arbitraria, pois carece de fundamento real, e priva á veciñanza dun servizo gratuíto e esencial que non exclúe materias á hora de atender, informar, formar e protexer ás persoas consumidoras, aportando unha indubidable utilidade ao Concello de Ourense ao longo dos anos.

De levarse a cabo este peche, estaríase a atentarse ademais contra as persoas máis vulnerables, como acontece coas de idade máis elevada e as procedentes doutros países, pois carecerán dun recurso municipal que lles permite informarse, protexerse e defenderse de fraudes ou abusos que medran acotío nunha sociedade dixital que emprega estratexias cada vez máis sofisticadas para obter os seus fins.

Por iso, consideramos que é tempo de poñer en valor a OMIC, en troques de pechala. É hora de potenciala, erixíndoa nun servizo autónomo -con valor de seu- e encadrála, debidamente, na estrutura xerárquica e funcional do concello, rematando, así, coa súa inconsistente adscrición: situouse, sucesivamente, nas áreas de Educación, Medio Ambiente, Saúde e, finalmente, en Promoción Económica.

De xeito semellante, debe outorgárselle un lugar fixo, sobresaínte e de fácil acceso, en lugar de mudala constantemente de localización, situándoa en sitios cada vez máis illados, e despistando ás persoas usuarias que precisan dos seus servizos. Asemade, é preciso dotala dun espazo web que sirva para difundir información de interese público, e de persoal máis numeroso e cualificado, pois a crecente diversidade e complexidade de asuntos a abordar, engadida á xubilación de algunha das persoas que a integraron, mingua o seu potencial.



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

En suma, consideramos que chegou o momento de brindarlle ás persoas consumidoras de Ourense unha OMIC sólida e con expectativas de futuro, e proporcionarlle, deste xeito, a información, competencia e defensa de dereitos que unha cidadanía activa e empoderada merece.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Que o Goberno municipal desista, expresamente, da intención de pechar a OMIC.
2. Que os técnicos e a corporación municipal aporten ideas para outorgarlle á OMIC unha localización axeitada tanto na cidade como no seo da estrutura municipal (RPT), dotándoa dunha web propia.

Que o Goberno municipal potencie o funcionamento da OMIC dotándoa de instalacións máis centrais e accesibles para a cidadanía, e de persoal máis numeroso e cualificado para cumprir, con maior eficacia, eficiencia e capacidade de atención, as necesidades da poboación ourensá en materia de consumo.

O Pleno do Concello, por dezasete votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; catro votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

5.6 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para o recoñecemento a Carlos Casares Mouriño con motivo do 20 aniversario do seu falecemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 9 de marzo de 2022, conmemorouse o 20 aniversario do pasamento do escritor ourensán Carlos Casares Mouriño, nado en Ourense o 24 de agosto do 1941, que viviu na rúa Cardeal Quevedo da nosa cidade, e finado o 9 de marzo do ano 2002 en Nigrán, na provincia de Pontevedra.

Como todos/as sabemos ben foi un escritor español en lingua galega, que desenvolveu a súa actividade profesional como escritor, editor e catedrático de instituto, moi influído por ilustres galeguistas como Ramón Piñeiro e vinculado a editorial Galaxia.

No ano 2003, o Concello de Ourense incoa un expediente de honra ao noso ilustre escritor, a maiores noméase a Carlos Casares fillo predilecto da cidade das Burgas. No ano 2017, coincidindo co ano ao que se lle dedican as Letras Galegas, no acto institucional do Concello de Ourense fíxoselle entrega dun pergamiño de homenaxe e o remate deste acto no salón de actos do Concello de Ourense, descubriuse unha placa-busto do ilustre escritor

na Praza Bispo Cesáreo, coa que se pretendeu recoñecer ao escritor ourensán e a súa labor, nun acto aberto ó público.

Carlos Casares foi un ensaísta e escritor que obtivo o Premio da Crítica de Narrativa Galega, ata en tres ocasións, no ano **1976** pola súa obra **XOGUETES PARA UN TEMPO PROHIBIDO**, no ano **1996**, por **DEUS SENTADO NUN SILLÓN AZUL** e no ano **2002** por **SOL DE VERÁN**. Cunha dilatada vida artística como escritor, ensaísta, narrador, e editor, que ademais dirixiu a Editorial Galaxia, foi membro da Real Academia Galega no ano 1977 e presidente do Consello da Cultura Galega en 1996. Escritor cunha dilatada vida profesional, que enzalzou a nosa cidade, atopando en Ourense a inspiración para aos seus textos.

Dende o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE creemos que non se pode pechar dito recoñecemento só cunha ruta literaria, na que se rastreou os pasos do autor e a súa obra por distintos espazos da cidade e o perímetro rural, con vinte etapas, a maior parte delas concentradas nun corto paseo entre o casco histórico e o ensanche, para logo finalizar con dúas paradas máis lonxe, unha no Seminario Menor, e outra na fermosa Igrexa do núcleo rural de Beiro, sita a 9 km do centro histórico- artístico.

Recentemente nos medios de comunicación erguémonos cunha noticia preocupante, que recoñecía un dos nosos artistíñas, en concreto, o escultor Manuel Buciños, apuntando que dende o Concello de Ourense se lle encargará, xa fai bastante tempo, a realización dunha escultura na honra do seu gran amigo Carlos Casares, pero que pasaban os anos e ninguén se puxera en contacto con el para que se colocase na nosa cidade, como recoñecemento a un dos nosos máis ilustres escritores. Neste medio de comunicación tamén se facía eco do malestar das persoas que se dedican á cultura na nosa cidade.

Dende o noso grupo fixéronse xestións para comprobar a veracidade desta noticia, comprobando que efectivamente encargouse dende o Concello no seu momento, e incluso, en datas recentes pediuse unha valoración técnica, con respecto a idoneidade da colocación dunha escultura destas características na nosa cidade. Tamén indagamos e tivemos coñecemento de que nos primeiros momentos pensouse que un dos lugares adecuados para a colocación desta escultura era a rúa do Paseo enfronte do Centro Cultural José Ángel Valente, como homenaxe da cidade de Ourense a un dos seus máis ilustres escritores en lingua galega, pero o certo é que a día de hoxe, nada sabemos do acontecido con esta escultura realizada na honra a Carlos Casares.

Dado que o día 9 de marzo deste ano 2022, conmemóranse os 20 anos do pasamento do escritor ourensán, Carlos Casares, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar ao Concello de Ourense á colocación do busto encargado ao escultor, Manuel Buciños, nas proximidades do Centro Cultural José Ángel Valente, lugar pensado para o homenaxe da cidade de Ourense ó ilustre escritor ourensán.
2. Anualmente durante o mes de marzo, mes do seu finamento, realícese



CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

unha exposición en calquera espazo expositivo de titularidade municipal, en colaboración coa Fundación Carlos Casares, na que se de a coñecer a obra e a figura literaria do ilustre escritor ourensán.

3. Dende o Concello de Ourense, habilítase unha partida para a doazón de libros os/as nenos/as e mozos/as do noso termo municipal, fomentando a lectura e o coñecemento do legado do escritor ourensán.
4. Recoñecer o entorno da Igrexa de Beiro, ou do núcleo de Beiro, co nome do ilustre escritor, dada a estreita relación que tiña con esta zona da cidade, onde pasou o seu período estival na súa infancia.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

5.7 Moción do Grupo Municipal de Democracia Ourensana relativa á continuidade da autovía de Celanova (AG-31) ata a fronteira de A Madalena (Lobios).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados días recibimos dende os promotores da campaña de recollida de firmas a prol da continuación da autovía de Celanova ata a fronteira con Portugal, a petición de que elevamos ao pleno do Concello de Ourense, a proposta de instar a Xunta de Galicia a que de continuidade a esta autovía. Unha proposta que se nos fai, e que dende Democracia Ourensana presentamos ante o pleno do Concello, xa que está en liña coa nosa posición de apoio a unha moción semellante que tamén presenta o BNG na Deputación provincial no pleno ordinario de marzo.

No argumentario deste documento, e que Democracia Ourensana fai seu, os promotores da iniciativa sinalan,

“O despoboamento do rural, a morte lenta a que nos estamos vendo abocados por non apostar por investir e dotar de medios o rural para que poida seguir vivo, son lacras que hai que erradicar.

Recentemente, a prensa facíase eco da petición das autoridades locais do val do Lima e dos empresarios do Alto Minho (Portugal) da necesidade dunha mellor vía de comunicación entre a IC-28 e a fronteira en Lindoso, reivindicación que xa ven de moi atrás e que se viu relanzada ca chegada do AVE a Ourense.

Que mellor programa “transfronterizo” que o de eliminar barreiras e comenzar a vivir de fronte e non de costas ós nosos veciños portugueses.

Non é escusa a densidade de tráfico, o número da poboación á que da servizo a vía, etc, eso sería aceptable si a Ou-540 rematara na fronteira. Non é o caso, esta estrada e UNHA

VÍA DE COMUNICACIÓN INTERNACIONAL, e si deixamos de darlle as costas a Portugal, darémonos conta de que ó outro lado do Xurés,

- *Temos a 3 millóns de potenciais usuarios que viven no norte de Portugal e estarían a pouco mais de unha hora da capital termal, Ourense, e da súa estación AVE.*
- *O Aeroporto Sa Carneiro (Porto) quedaría a hora e media de Ourense.*
- *O Polígono de San Cibrao a hora e media da segunda cidade de Portugal (Porto) e a 1 hora de Braga, que é a terceira. Toda a Galicia Interior e o Norte de Portugal beneficiaríanse dunha boa vía de comunicación que favoreza o intercambio de persoas e mercadorías entre ámbalas dúas zonas.*
- *A Reserva da Biosfera Trasfronteiriza Gerês-Xurés estaría a menos de tres horas de Madrid (AVE +Autovía AG -31) “*

Por todo isto, Democracia Ourensana presenta ante o Pleno do Concello de Ourense a adopción do seguinte

ACORDO

ÚNICO.- Apoiar a iniciativa levada a cabo ca finalidade de **dar traslado á Xunta de Galicia para que de continuación á autovía de Celanova (AG-31) ata a fronteira de A Madalena (Lobios).**

O Pleno do Concello, por unanimidade dos concelleiros asistentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

INCIDENCIA.- Ao inicio da exposición do asunto, abandonan a sesión os seis concelleiros asistentes á mesma do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do Grupo Municipal do BNG e o concelleiro do Grupo Municipal de Ciudadanos.